

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA CULTURA E FORMACIÓN NO CONCELLO DE MEIS PARA O ANO 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O réxime xurídico das subvencións para outorgar polo Concello de Meis rexeráse pola normativa básica estatal recollida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; así como polo seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006 de 21 de xullo; así como pola normativa autonómica, en concreto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 17 da Lei 38/2003 esixe que a aprobación das bases reguladoras das subvencións das entidades locais se faga no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A normativa indicada establece como principios de xestión das subvencións a publicidade, transparencia, concorrancia, obxectividade, igualdade e non discriminación, os cales deben ser respectados nas presentes bases.

Polo que respecta a esta modalidade concreta de subvencións, o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que as Corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, e impulsan a súa participación na xestión da Corporación.

Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos seus intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Doutra parte, o Concello de Meis elaborou o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 no que se contempla como unha das súas liñas estratéxicas *“Incrementar as actividades encamiñadas á cultura, fins de carácter social, educativo, fomentar a participación cidadá no municipio, así como todo tipo de actividades que redunden en beneficio do interese xeral ou social”*.

A este respecto, tendo en conta no artigo precitado e ao abeiro da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, regulamentos de desenvolvemento, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello de Meis procede á regulación dos criterios e o procedemento de concesión, en réxime de concorrancia competitiva, de axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas



actividades culturais e de formación que organicen as asociacións sen ánimo de lucro no ámbito territorial do Concello de Meis durante o ano 2026.

Base 1.- OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència e igualdade, para a realización de actividades culturais e formativas que complementen ou suplan as atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello de Meis.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable e, en especial, coa prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrència competitiva, ao amparo do disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Base 2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases todas as entidades, asociacións e fundacións validamente constituídas con personalidade xurídica e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que carezan de fins de lucro.
- Que teñan o seu domicilio social no Concello de Meis.
- Que realicen actividades de interese cultural ou formativo no ámbito municipal.
- Que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Meis.
- Que estean ó corrente das obrigas tributarias.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Estas bases afectarán a aquelas actividades e eventos culturais que se consideren de interese xeral para o Concello de Meis.

Base 3.- ACCIÓN SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvencións as actividades culturais e formativas dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido da cultura e formación en todas as súas vertentes.



Estas actividades deben ser iniciadas e rematadas durante o ano 2026, abrangendo o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano 2026.

Os solicitantes deberán declarar todas as subvencións que teñan obtido ou solicitado para o 2026.

Quedan excluídos da presente convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto desta convocatoria.
- Os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Meis, ou a través de convenios asinados co Concello.
- As actividades deportivas, que teñen a súa propia convocatoria.
- As viaxes de lecer, as excursións.
- As festas gastronómicas e as festas populares, que teñen convocatoria aparte.
- Os gastos gastronómicos, calquera que sexa a súa finalidade.
- Os agasallos.
- Calquera outra actividade que non sexa cultural.

Base 4.- FINANCIAMENTO

A concesión de axudas reguladas nesta convocatoria irá con cargo á aplicación orzamentaria 334/48003 do Orzamento xeral de 2026, na que existe consignación polo importe 14.000,00€, segundo documento contable de retención de crédito nº 3277.

Base 5.- CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos nestas bases.

O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

A Contía máxima a conceder a cada beneficiario non poderá superar os 6.000,00€, e a subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade.



En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos, supere o custo total das actividades a desenvolver polo beneficiario.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través de achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, de ser o caso, outros ingresos.

As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

Base 6.- DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

De conformidade co establecido no artigo 23.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma, no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra, de acordo co procedemento establecido no artigo 20.8 da citada lei.

As bases estarán ao dispor dos interesados na Sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e na Base de datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>). Cada entidade solicitante presentará un único proxecto, o cal achegarse a seguinte documentación:

- 1) Anexo I (Formulario de solicitude) asinado electronicamente.
- 2) Anexo II (Memoria explicativa da actividade) asinado electronicamente.
- 3) Anexo III (Orzamento da actividade) asinado electronicamente.
- 4) Copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
- 5) Copia do DNI da persoa representante da entidade que asina a solicitude.
- 6) No seu caso, copia da solicitude/concesión doutras subvencións por outros organismos.

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de **15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no boletín oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO)**.

A solicitude e a documentación correspondente presentaranse, de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Meis, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>).

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello de Meis para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10)



días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

Base 7.- REQUISITOS

As actividades subvencionables deberán impartirse ou desenvolverse no Concello de Meis e/ou deberán estar destinadas ás/os Meisinas e Meisinos.

Aquelas actividades que, sendo propostas por algunha asociación, xa estean programadas para ser realizadas polo concello de forma directa dentro da mesma anualidade, non serán subvencionables, nin tampouco aquelas actuacións ou actividades que sexan coincidentes, dentro do mesmo ano natural, entre 2 ou máis asociacións ou entidades.

Os gastos de xestión (asesorías, bancarios, etc...) non poderán superar o 3% do orzamento total da actividade.

Á hora de determinar a contía final da subvención teranse en conta os ingresos que, por calquera outro concepto, perciban os beneficiarios das arcas municipais, podendo o órgano competente minorar a contía da subvención nun tanto igual ó percibido por outros conceptos.

Base 8.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN

Os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:

1. Repercusión da actividade: valorarase con 0,10 puntos o número de participantes nas actividades, ata un MÁXIMO de 10 puntos, sempre e cando haxa un MÍNIMO de 12 persoas. No caso de cursos, charlas e calquera outra actividade con número de participantes limitado, entregarase coa documentación xustificativa da actividade a relación de participantes con indicación do seu nome e apelidos. No caso de actuacións e actividades sen límite de aforo, farase unha estimación do público asistente, sen prexuízo de que a comisión avaliadora poida solicitar outro tipo de xustificación concreta á entidade organizadora.

2. Duración das actividades e programas: ata un máximo de 50 puntos.

Anual (3 ou máis días a semana durante 8 ou máis meses)	50 puntos
Trimestral (2 ou máis días a semana durante 3 meses)	30 puntos
Mensual (2 ou máis días a semana durante un mes)	20 puntos
Semanal	10 puntos
Inferior	5 puntos

3. Colaboración activa (gratuíta) nas actividades que organice o Concello de Meis: ata un máximo de 25 puntos.

San Bieito	5 puntos
Semana Santa	5 puntos
Nadal	5 puntos



Días especiais (letras galegas, día da muller, etc...)	1 punto por actividade ata un máximo de 10 puntos.
--	--

4. Valores especiais: Neste apartado, cun MÁXIMO de 15 puntos para o conxunto das actividades, valoraranse os seguintes criterios:

- Promoción do Concello de Meis, do seu patrimonio, historia ou tradicións propias: ata 3 puntos.
- Promoción das tradicións e cultura galegas: ata 3 puntos.
- Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de eventos solidarios: ata 3 puntos.
- Coorganización de actividades conxuntas entre 2 ou máis asociacións e/ou entidades: ata 3 puntos.
- Innovación da actividade (nova ou non realizada no concello nos 4 anos inmediatamente anteriores ó ano en que se concede a subvención): ata 3 puntos.

Base 9.- COMISIÓN AVALIADORA

A comisión avaliadora estará formada pola Alcaldesa, o concelleiro/a de área, o concelleiro/a de contas e dous funcionarios municipais, dos cales un deles actuará como secretario/a, previa revisión das solicitudes presentadas e a valoración realizada por técnicos/funcionarios municipais.

Base 10.- ESTUDO E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a unidade administrativa correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase o/a solicitante para que no prazo de 10 días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Posteriormente, procederase á baremación das mesmas segundo a documentación presentada, e á repartición do total da axuda entre as entidades solicitantes, proporcionalmente á puntuación obtida na baremación, establecéndose como límite máximo por entidade a cantidade de 6.000,00€.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a comisión avaliadora elaborará unha proposta de resolución provisional que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), aos efectos de que as entidades solicitantes, por medios electrónicos e nun prazo non superior a 3 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, presenten as alegacións que estimen procedentes.

Se non se formulasen alegacións ou unha desistencia expresa no devandito prazo,



entenderase que a proposta foi aceptada. A presentación de alegacións a unha proposta diferirá o trámite de aceptación ou desistencia da axuda ata que sexan resoltas as alegacións presentadas.

A proposta de resolución, previo informe da Intervención municipal, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Na resolución, de ser esta positiva, farase constar a relación de entidades ás que se lles concede a axuda con indicación da contía concedida, e a desestimación das restantes solicitudes.

O Concello de Meis librará o 100% da cantidade establecida unha vez que sexa xustificada a totalidade do gasto.

A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias. Asemade, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Meis a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administración ou entes públicos ou privados. Con todo, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa para desenvolver.

Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

De non se resolver expresamente esta convocatoria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó remate do prazo de presentación de solicitudes, entenderase desestimada. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

O Concello de Meis poderá, en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

O acordo de concesión non terá que distribuír obrigatoriamente a totalidade do crédito.

O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención e queda suxeita ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

Base 11.- XUSTIFICACIÓN



- **PRAZO.**

As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar a xustificación, unicamente a través da Sele Electrónica, <http://meis.sedelectronica.gal>, con data límite 30 de novembro de 2026, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de CINCO días naturais a petición razoada da entidade solicitante, e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención, contando os CINCO días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

- **CANTIDADES A XUSTIFICAR.**

O beneficiario terá que presentar unha conta xustificativa de gastos do proxecto presentado acompañada de facturas acreditativas dos gastos realizados e xustificantes bancarios de pagamento.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó orzamento inicial das actividades presentado coa solicitude, a comisión avaliadora poderá revisar a axuda concedida, tendo en conta as actividades realmente realizadas.

- **DOCUMENTACIÓN.**

Para a xustificación das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

- DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO, asinada polo representante da entidade e dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis, no que declare que a subvención concedida se destinou efectivamente para os fins para os que foi concedida e no que solicite o seu pagamento no número de conta corrente indicada na solicitude (ANEXO IV).
- CONTA XUSTIFICATIVA, na que se recollen os gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Esta relación deberá constar asinada polo representante da entidade (ANEXO V).
- FACTURAS xustificativas por importe, como mínimo, da subvención concedida, debendo estar expedidas a nome da asociación. As facturas deben recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



Non se admitirán "recibís" nin albaráns. Deberá acompañarse un listado comprensivo da facturas que se presenten (conta xustificativa).

Xunto coas facturas a entidade beneficiaria debe achegar os xustificantes bancarios que acrediten o pago das mesmas.

Si existisen outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse a indicación do importe e da súa procedencia.

- DECLARACIÓN RESPONSABLE de non ter obtido axudas doutras entidades públicas ou privadas para a realización das actividades expostas. Se se obtiveron subvencións doutros organismos para a mesma finalidade, deberá achegarse fotocopia desa concesión (ANEXO VI).
- CERTIFICADOS expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda da Xunta e pola Tesourería Territorial da Seguridade Social nos que se acredite o cumprimento das obrigas tributarias e das da Seguridade Social.
- CERTIFICADO ORIXINAL DE CONTA BANCARIA da asociación, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

De non se presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que se desiste da petición realizada. Así mesmo, se se estimase que a xustificación presentada é insuficiente, o concello requirirá a asociación para que, no prazo de 10 días hábiles, proceda a emendar os defectos apreciados. O feito de que transcorra este prazo sen que se produza a emenda requirida ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia, a falta de pagamento da mesma. Unha vez que se xustifique correctamente a subvención, a cantidade concedida ingresará na conta corrente indicada polo titular da asociación ou entidade subvencionada.

Base 12.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas unha vez aceptada a subvención:

1. Cumprir co obxectivo, realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Meis o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En todo caso, a actividade debe ser realizada conforme á normativa vixente aplicable á actividade de que se trate.
4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



5. Comunicar ao Concello de Meis a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
6. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Facer constar, naquelas actividades que así o permitan, que contan coa subvención do Concello de Meis. Deberá figurar a colaboración do Concello de Meis en calquera dos soportes publicitarios da actividade subvencionada.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
9. Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Meis.
10. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.
11. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de todas as actividades subvencionadas polo Concello de Meis estarán sempre en lingua galega. Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorra o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Meis poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Base 13.- CONTROL DA SUBVENCIÓN

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral de subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei xeral orzamentaria 47/2003 e demais normas concordantes, isto é, na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que lle sexa de aplicación.

Base 14.- COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez que as aceptan, quedan obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento de aplicación da subvención por parte do Concello de Meis. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.



O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Base 15.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b) Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
- c) Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- d) Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- e) Por incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase no prazo e forma no Regulamento Xeral de Recadación. As cantidades devoltas terán carácter de ingreso de dereito público.

Base 16.- INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo persoal da Secretaría/Intervención do concello.

Base 17.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase na páxina web do Concello de Meis, no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, aloxado na sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 45.1 b) da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Igualmente, será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Base 18.- RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses. Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os



casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

Base 19.- DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, rexerá o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Meis para 2026, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, no que lle sexa de aplicación, e demais lexislación aplicable.

Base 20.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedementos serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Meis. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Meis ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e á súa normativa de desenvolvemento.

Base 21.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Meis remitirá a Base de datos Nacional de Subvencións información sobre a concesión das subvencións.

Base 22.- ANEXOS

ANEXO I. FORMULARIO DE SOLICITUDE

ANEXO II. MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE

ANEXO III. ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

ANEXO V. CONTA XUSTIFICATIVA

ANEXO VI. DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE SUBVENCIÓNS



ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

NOME DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE:	
ENDEREZO:	
CIF DA ENTIDADE:	TELÉFONO:
FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:
NOME DO REPRESENTANTE:	
CARGO DIRECTIVO:	
NIF DA PERSOA REPRESENTANTE:	TELÉFONO MÓBIL:

A persoa ou entidade solicitante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1.- Esta entidade carece de fins de lucro.

2.- Esta entidade coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen, asumindo o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

3.- Esta entidade comprométese a completar o financiamento da actividade, así coma a facerse responsable de cumprir estritamente toda a lexislación aplicable e ademais a asumir os riscos que puideran xurdir con ocasión da execución da actividade para a que se solicita subvención.

4.- Esta entidade non se atopa incurso en ningunha das causas das enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10.2º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración Pública e en concreto do Concello de Meis.

5.- Esta entidade está ao corrente coas súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Meis.

SOLICITA:

A concesión de axuda dentro da convocatoria regulada nas bases de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura de formación no Concello de Meis para o 2026, de acordo cos criterios establecidos no apartado 9 das bases, para o desenvolvemento das actividades descritas na memoria que se achega co anexo II.

DECLARA que para estes gastos:

- Por esta entidade:



- ☐ Non se solicitou ningunha axuda.
☐ Si se solicitou axudas:

ORGANISMO (Entidade pública ou privada)	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

- Que os gastos nos que poda incurrir a entidade solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade:
- ☐ Non teñen carácter subvencionable.
☐ Teñen carácter subvencionable.

DOCUMENTACIÓN (A presentar con esta solicitude)

- ☐ Copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
☐ Copia do DNI da persoa representante.
☐ Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con especificación do lugar, data prevista, obxectivos e número de beneficiarios, asinada polo presidente/a (ANEXO II).
☐ Orzamento da actividade ou investimento concreto e determinado (ANEXO III).
☐ Copia, no seu caso, da solicitude/concesión doutras subvencións por outros organismos.

E para que así conste, perante o Concello de Meis, aos efectos da subvención a conceder por esa Institución, suscribo a presente, en Meis, a _____, de _____ de 20__.

Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS



ANEXO II: MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES:

OBXECTIVOS DAS ACTIVIDADES E PERSOAS E/OU COLECTIVOS Á QUE VAN DIRIXIDAS:

REPERCUSIÓN DA ACTIVIDADE (0,10 puntos por participante, ata un máximo de 10 puntos, ver base 8.1):

DURACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROGRAMAS: (MARCAR CUN "X" E ESPECIFICAR DATAS)

Anual (3 ou máis días a semana durante 8 ou máis meses)		
Trimestral (2 ou máis días a semana durante 3 meses)		
Mensual (2 ou máis días a semana durante un mes)		
Semanal		
Inferior		

COLABORACIÓN ACTIVA NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE MEIS:

	SÍ / NON	Modo de colaboración (actuación gratuíta, organización, etc...)
San Bieito (5 puntos)		
Semana Santa (5 puntos)		
Nadal (5 puntos)		
Días especiais (1 punto por actividade ata un máximo de 10 puntos)	Letras Galegas	
	Día da muller	

VALORES ESPECIAIS: (MÁXIMO 15 PUNTOS)

- Promoción do Concello de Meis, do seu patrimonio, historia ou tradicións propias: ata 3 puntos.



- Promoción das tradicións e cultura galegas, así como o enalzamento dos produtos típicos gastronómicos: ata 3 puntos.
- Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de eventos solidarios: ata 3 puntos.
- Coorganización de actividades conxuntas entre 2 ou máis asociacións e/ou entidades: ata 3 puntos.
- Innovación da actividade (nova ou non realizada no concello nos 4 anos inmediatamente anteriores ó ano en que se concede a subvención): ata 3 puntos.

E para que así conste, perante o Concello de Meis, aos efectos da subvención a conceder por esa Institución, subscribo a presente, en Meis, a _____, de _____ de 20__.

Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS

ANEXO III: ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

Estado de gastos. Custo da actividade (con desglose dos gastos máis importantes):

	CONCEPTO	IMPORTE
1		
2		
3		
4		
5		



6		
7		
8		
9		
10		
	GASTOS TOTAIS	

Estado de ingresos.

	CONCEPTO		IMPORTE
1	Achegas propias do solicitante (incluídos patrocinios)		
2	Subvencións solicitadas a outras administracións (indicar administración e importe)		
3	Subvención solicitada ao Concello		
	INGRESOS TOTAIS (este importe deberá ser coincidente co total de gastos)		

E para que así conste, perante o Concello de Meis, aos efectos da subvención a conceder por esa Institución, suscribo a presente, en Meis, a _____, de _____ de 20__.

Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

D/ Dna:

Como representante da entidade:

En relación coa subvención concedida polo Concello de Meis ó abeiro das bases de concesións de subvencións municipais para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis convocadas para o ano 2026,



DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que nin a/o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incursos en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.
2. Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
3. Que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Meis son exactas e non experimentaron variación.
4. Que os gastos totais imputados á devandita subvención son reais e que esta se destinou ós fins para a que foi outorgada, cumprido a finalidade para a que foi concedida a axuda.
5. Que a totalidade de axudas e subvencións recibidas para a actividade subvencionada non supera a totalidade dos gastos efectivamente realizados para a execución de cada unha delas.

DOCUMENTACIÓN (A presentar con esta solicitude)

- ☐ Conta Xustificativa (Anexo V).
- ☐ Declaración responsable sobre subvencións (Anexo VI).
- ☐ Facturas xustificativas.
- ☐ Xustificantes bancarios de pagamento.
- ☐ Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- ☐ Certificado expedido pola entidade bancario do número de conta para o pagamento, cunha antigüidade non superior a 6 mees.
- ☐ Copia, no seu caso, da solicitude/concesión doutras subvencións por outros organismos.

Polo tanto, **SOLICITA** o pagamento do importe concedido en virtude desta subvención no número de conta corrente (incluír IBAN):

_____ - _____ - _____ - _____ - _____

Meis, ____ de _____ de 20____.



Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS

ANEXO V. CONTA XUSTIFICATIVA

NOME DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN:	
ENDEREZO:	
CIF DA ENTIDADE:	TELÉFONO:
NOME DO REPRESENTANTE:	
ANO DE CONCESIÓN:	IMPORTE SUBVENCIONADO:

Estado de gastos. Xustificantes que se achegan.

	CONCEPTO	PROVEDOR/EMPRESA	Nº FACTURA	IMPORTE
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
TOTAL				

Estado de ingresos. (subvencións percibidas, achega dos participantes, ...).

	CONCEPTO	ENTIDADE/EMPRESA	Estado (comprometi do ou percibido)	IMPORTE
1	Subvencións doutros Entes públicos			
2	Achegas propias do solicitantes (incluídos patrocinios)			



3	Subvención concedida polo Concello de Meis			
TOTAL				

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- A) Que para a actividade _____, foille concedida unha subvención por importe de _____ € e que se realizaron os gastos que se relacionan na conta xustificativa, por importe total de _____.
- B) Que se axuntan os xustificantes dos gastos realizados relativos á subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade, á disposición da comisión avaliadora, de ser o caso, para o seu exame.
- C) Que os gastos que arriba se detallan son reais e que se aplicaron á finalidade subvencionada.

Meis, ____ de _____ de 20____.

Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS

ANEXO VI: DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE SUBVENCIONES

D/ Dna:

Como representante do colectivo:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: (sinalar cunha X)

Que a Entidade / Asociación:

____ NON RECIBIU ningún tipo de axuda de ningunha outra entidade pública ou privada para a realización das actividades expostas na memoria explicativa.



___ RECIBIU da entidade pública ou privada a cantidade de ___€ para a realización das actividades expostas, sen que o importe total das subvencións concedidas supere o custo da actividade subvencionada.

ORGANISMO (Entidade pública ou privada)	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Así mesmo, asume o compromiso de comunicarlle ó Concello de Meis a concesión de calquera tipo de subvención que reciba para calquera das actividades incluídas na memoria explicativa, achegando copia das mesmas.

E, para que conste para os efectos oportunos, asina a presente declaración en Meis, o ___ de ___ de 20__.

Sinatura electrónica do/a representante

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE MEIS

